



Concello de Sada\_Avenida da Mariña, 46\_15160 Sada

Concellería de Cultura e Praias\_ sada.cul@sada.gal



Benqueridas hostaleiras e hostaleiros de Sada:

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas o vindeiro 17 de maio, queremos animar aos veciños e veciñas de Sada a participar no concurso **“Café con verbas”**. De xeito que solicitamos a vosa colaboración.

O concurso consistirá no seguinte:

As veciñas e veciños que o desexen poderán escribir un microrelato en lingua galega nunha *servilleta* do voso establecemento e depositalo nun *buzón* que será facilitado pola concellería de Cultura e Praias. O *buzón* estará situado nunha zona visible da barra do bar, xunto coas bases do concurso que tamén serán facilitadas desde a concellería.

O microrelato gañador na categoría Premio de Autor (xurado) recibirá un cheque valorado en **150€**, que deberá gastar **en consumicións** no mesmo establecemento onde depositase a su *servilleta* có relato premiado. Ademais recibirá un lote de libros dos autores/as de Sada

O microrelato gañador na categoría Mención Especial do Público (Facebook) recibirá un cheque valorado en **150€**, que deberá gastar **en consumicións** no establecemento que a persoa escolla entre todos os locais participantes. Ademais recibirá un lote de libros dos autores/as de Sada

Por outra banda queremos promocionar as nosas letras, dando a coñecer ás escritoras e escritores sadenses. Polo que impulsamos outra iniciativa **“Café con verbas”**. Consistirá en facilitarvos uns pequenos libriños que recollen frases dos libros dos nosos autores/as, para que as coloquedes nos pratiños do café da vosa clientela.

Desexamos que esta proposta sexa do voso agrado e que esteades dispostos a participar.

Rogamos nos confirmedes a vosa participación para que poidamos achegarvos o material, chamando ó **981620331** ou enviando un email a **sada.cul@sada.gal**

María Pardo Fafián

Concelleira de Cultura e Praias